

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Aprobación inicial do Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a execución do sistema xeral adscrito da MP do PXOM de Dodro para delimitar un ámbito de solo urbanizable industrial

Aprobación inicial do Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a execución do sistema xeral adscrito da MP do PXOM de Dodro para delimitar un ámbito de solo urbanizable industrial.

En Xunta de Goberno Local do mércores 8 de outubro, acordouse a Aprobación inicial do Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a execución do sistema xeral adscrito da MP do PXOM de Dodro para delimitar un ámbito de solo urbanizable industrial. Establece a parte dispositiva do ditado acordo o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o “Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a execución do sistema xeral adscrito da MP do PXOM de Dodro para delimitar un ámbito de solo urbanizable industrial” redactado polo Arquitecto Isidro López Yáñez (colexiado núm. 2261) e a Enxeñeira Técnica Agrícola Beatriz Blanco Lois (colexiada núm. 1909) e asinado en data 27 de setembro de 2022.

SEGUNDO.- Tramitar a expropiación urbanística polo sistema de taxación conxunta.

TERCEIRO.- Ter por declarada a utilidade pública dos bens e dereitos afectados segundo a MP do PXOM e o proxecto expropiatorio.

CUARTO.- Determinar a seguinte relación de bens e dereitos afectados polo proxecto expropiatorio, de acordo cos datos proporcionados polo Rexistro da Propiedade:

Nº FINCA	REF. CATASTRAL	TITULARIDADE	DNI	SUPERFICIE AFECTADA		OUTROS BENS AFECTADOS
				PLENO DOMINIO	OCUPACIÓN TEMPORAL	
1	15033G501008550001RJ	Santiago Batalla Lorenzo	descoñecido	13	18	1,5 m ³ MURO FORMIGÓN 5 UD. POSTE FORMIGÓN 10 M MAIA ARAME
		Isaura Otero Río.	***8893**			
2	15033G501008560000EW	Nieves Cruces Morales.	descoñecido	35	28	63 ARBOREDO

QUINTO.- Someter o expediente á información pública e audiencia por prazo dun mes, mediante a publicación de anuncios no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello e nun xornal dos de maior circulación da provincia, así como no Portal de Transparencia municipal, para que aquelas personas que puideran estar interesadas formulen as observacións e reclamacións que estimen convenientes, en particular no relativo á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

Para estes efectos o expediente estará exposto no Concello e o proxecto publicárase no Portal de Transparencia.

O prazo dun mes de información pública contarase desde a publicación no BOP da Coruña.

SEXTO.- Notificar a presente resolución de forma individual a cantos figuren no proxecto como titulares de bens e dereitos, con traslado da folia de aprecio para que poidan presentar alegacións e/ou reclamacións no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da notificación .

O expediente poderá consultarse na casa dl Concello de Dodro, (Tallós 32 – Dodro), de luns a veres en horario de 9:00 a 14:00 (cita previa solicitada no 981 802 062), así coma no Portal de transparencia (https://sede.dodro.gal/sxc/es/portal_transparencia/)

Dodro, 4 de novembro de 2025

O alcalde, Francisco Xabier Casto Tourís